



Concello de Ribeira de Piquín

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS EN COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS. PERSOAL BRIGADA MEDIOAMBIENTAL-APROL RURAL 2023.

Vista a necesidade de dar apoio ás labores medioambientais no cumprimento de atención aos servizos mínimos establecidos polo artigo 26 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, procede desenvolver un procedemento administrativo de contratación de persoal que atenda o servizo que se pretende.-

Para iso, procédese á súa convocatoria e dítase en cumprimento do artigo 20 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prohibe a contratación de persoal laboral temporal durante 2023, agás nos sectores que se consideren prioritarios ou para atender necesidades de carácter urgente e inaprazable, nos seguintes termos:

"(...)

Cuatro. No se podrá contratar personal temporal, ni realizar nombramientos de personal estatutario temporal y de funcionarios interinos excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables.

(...)

Siete. Los apartados uno a cuatro de este artículo tienen carácter básico y se dictan al amparo de los artículos 149.1.13.ª y 156.1 de la Constitución."

Acreditado que a brigada medioambiental presta servizos básicos; é necesario proceder á contratación dun peón especialista forestal para velar pola seguridade dos cidadáns e para atender correctamente o seu funcionamento.

Despois de ver a resolución da xefa territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade en Lugo, de data 17 de abril de 2023, mediante a que se outorga ao concello unha subvención para a contratación de un (1) peón especialista para a prestación do servizo denominado "SERVIZO DE SILVICULTURA, BIOMASA E LIMPEZA DE MONTES", ao abeiro da Orde do 9 de xaneiro de 2023, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o ano 2023.

PRIMEIRO. Normas Xerais.

É obxecto das presentes bases a provisión en réxime de laboral temporal dos seguintes postos de traballo:

- ✓ 1 Peón especialista forestal.

Polo período de **nove meses a xornada completa**, cuxas características son:





Concello de Ribeira de Piquín

Posto de peón especialista:

Denominación do posto: PEÓN ESPECIALISTA FORESTAL.

Número de vacantes: 1.

A xornada de traballo será de 40,00 horas semanais.

As retribucións brutas mensuais, incluída a prorrata das extras, serán: 1.471,55 €.

O cometido funcional deste posto de traballo, corresponderase coa propia da mesma, sendo fundamentalmente as súas funcións as seguintes:

As actuacións e realización dos traballos que se lles encomenden encamiñados á conservación da biodiversidade, á prevención da degradación e deterioración medioambiental, de acondicionamento de espazos naturais para usos recreativos e lúdicos, de labores de recuperación de espazos naturais degradados, etc.

Ao presente concurso - oposición seralle de aplicación o previsto nos artigos 36 e seguintes do Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, 177 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais en materia de Réxime Local; artigos 91 e 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no que se refire a persoal laboral e supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado e o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e os pactos de aplicación ao persoal funcionario.

SEGUNDO. Modalidade do Contrato.

Dado que o posto está financiado ó abeiro da Orde do 9 de xaneiro de 2023, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o ano 2023, e de acordo co establecido na devandita Orde o Concello utilizará necesariamente a modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral.

O mencionado contrato laboral terá unha duración de 9 meses a xornada completa a contar dende a sinatura do contrato.

O contrato estará suxeito a normativa de incompatibilidades prevista para os empregados públicos na Lei 53/84 de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

As condicións serán as establecidas no documento contractual.





Concello de Ribeira de Piquín

TERCEIRO. Condicións de Admisión de Aspirantes.

Para poder participar nos procesos selectivos será necesario reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española. Con todo, teranse en conta os seguintes supostos:

1. A poboación nacional dos demais estados membros da Unión Europea poderá acceder, en idénticas condicións que as persoas de nacionalidade española, á función pública investigadora, docente, de correos, sanitaria de carácter asistencial e aos demais sectores da función pública aos que, segundo o dereito comunitario, séxalles aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores.
2. A poboación nacional de aqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadoras e traballadores nos termos en que esta está definida no tratado constitutivo da Unión Europea.

b) Non estar separada ou separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitada ou inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

c) Ter cumprido os 16 anos de idade ou ter a idade que a convocatoria estableza como mínima antes de que finalice o prazo de presentación de instancias, e non exceder a idade establecida como máxima para o ingreso.

d) Cumprir os requisitos para exercer as funcións que lle poidan ser encomendadas, conforme ao previsto regulamentariamente.

e) O coñecemento do idioma galego acreditarase mediante diploma, –Celga2–, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, e, no seu defecto, mediante proba escrita que se lle realizará o aspirante. Esta proba consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego na que o aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega.

CUARTO. Forma e Prazo de Presentación de Instancias.

4.1.- As presentes Bases íntegras publicaranse no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello www.ribeiradepiquin.es.

4.2.- Os resultados das probas, así como as citacións e emprazamentos aos aspirantes, levarase a cabo a través do Taboleiro de Anuncios do Concello e na devandita páxina web.

4.3.- A participación no proceso selectivo, do posto financiado ao abeiro da Orde do 9 de xaneiro de 2023, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o ano 2023, realizarase de conformidade co artigo 14.3 da Orde mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego, dando traslado á mesma das presentes





Concello de Ribeira de Piquín

bases.

4.4.- Os/As interesados/as dirixirán as súas solicitudes, no modelo oficial que se publica como Anexo I destas bases e que tamén se facilitará nas oficinas municipais, ao Sr. Alcalde do Concello de Ribeira de Piquín. Coa solicitude achegarán a seguinte documentación:

a) Fotocopia autenticada do Documento Nacional de Identidade ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros, debidamente compulsados.

b) Copia cotexada do título de galego, se é o caso.

c) Fotocopia compulsada dos documentos que acrediten a posesión dos méritos presentados polo aspirante para a súa valoración na fase de concurso. Os méritos que non estean acreditados tal e como se sinala en cada apartado da fase de concurso non poderán ser valorados.

d) Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se atopa en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares as que desempeñe no caso de persoal laboral no que houber estado separado ou inhabilitado (Anexo II destas Bases).

e) Dado que o posto está financiado ó abeiro da Orde do 9 de xaneiro de 2023, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o ano 2023, o Concello comprobará que os/as aspirantes cumpran o requisito de ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego tanto no momento da selección como no momento da formalización do contrato.

4.5.- As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira de Piquín (Chao de Pousadoiro s/n), como data límite o día data límite o día 9 de maio de 2023.

4.6.- As solicitudes poderán presentarse por calquera dos medios establecidos no artigo artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. **Neste caso o solicitante deberá anunciar á Alcaldía - Presidencia a remisión da solicitude mediante fax ao 982.33.37.35 ou correo electrónico: concello@ribeiradepiquin.es, no mesmo día da presentación. Sen a concorrencia de ambos requisitos non serán admitidas aquelas solicitudes que sexan recibidas no Concello fora do prazo establecido.**

4.7.- Os aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na solicitude, precisando o grao de minusvalía e as adaptacións de tempo e medios para a realización das probas.

QUINTO. Admisión de Aspirantes.

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará Resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos.





Concello de Ribeira de Piquín

Na devandita Resolución que se publicará no taboleiro de edictos do Concello, sinalarase un prazo de **un día natural** para subsanación de erros.

Transcorrido o prazo de corrección aprobarase a lista de aspirantes con carácter definitivo, publicándose o anuncio no taboleiro de edictos do Concello; no mesmo anuncio farase constar o día, hora e lugar en que se realizarán as probas. Igualmente na mesma resolución, farase constar a designación nominal do tribunal.

SEXTO. Tribunal Cualificador.

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal Cualificador estará constituído por:

- 1 Presidente.
- 3 Vogais
- 1 Secretario.

O membros do devandito tribunal, serán designados polo alcalde – presidente deste concello, atendendo a anteriores criterios establecidos.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade co artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉTIMO.- Procedemento De Selección.

O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

A) FASE DE CONCURSO:

Esta fase será previa á de oposición, e, non tendo carácter eliminatorio, os puntos obtidos na mesma non poderán terse en conta para supera-los exercicios da fase de oposición.

O Tribunal non poderá avaliar o non alegado e acreditado polos aspirantes nos documentos achegados no momento de presenta-las solicitudes ás probas selectivas.

No concurso avaliaranse os seguintes méritos:

A1.- Cursos de formación e perfeccionamento:

Valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento directamente relacionados coas funcións propias da praza convocada, acreditados con certificación ou diploma, de acordo coa seguinte puntuación.

- Ata 20 horas de duración: 0,10 puntos.
- Entre 21 e 60 horas de duración: 0,20 puntos.
- De 61 ou máis horas de duración: 0,50 puntos.





Concello de Ribeira de Piquín

Como máximo poderán alcanzarse por formación profesional un **máximo de 1 punto**, para o cal presentárase certificación ou diploma expedido polo ente organizador ou impartidor do curso.

A2.-Antigüidade como desempleado dende o ano 2018:

0,05 puntos por mes de antigüidade inscrito no Servizo Público de Emprego, **ata un máximo de 3 puntos**.

Non se computarán os períodos inferiores a un mes, considerándose a estes efectos, os meses de trinta días.

Acreditarase mediante certificación ou outro documento equivalente (informe de períodos de inscrición) expedido polo Organismo correspondente, que permita avaliar a mesma.

No suposto de períodos de desemprego interrompidos, e no caso de non acompañar na solicitude informe de vida laboral, deberase aportar informe de períodos de inscrición ós efectos de poder valorar a totalidade dos períodos de desemprego.

B) FASE DE OPOSICIÓN:

Consistirá na realización dunha proba teórica e outra práctica de carácter obrigatorio acordos coa praza:

Primeiro exercicio de carácter teórico. Consistirá en contestar a un cuestionario tipo test con doce preguntas, relacionadas cos coñecementos sobre o ámbito territorial de actuación e polos traballos a realizar pola brigada municipal de medio ambiente e de protección do medio natural (coñecementos sobre execución de traballos encamiñados á conservación da biodiversidade, á prevención da degradación e deterioración medioambiental, de acondicionamento de espazos naturais para usos recreativos e lúdicos, de labores de recuperación de espazos naturais degradados, sobre prevención de riscos laborais, termo municipal etc.). Este exercicio será cualificado con unha **puntuación máxima de 3 puntos**.

Segundo exercicio. Consistirá na realización dunha proba práctica na que se valorará o coñecemento dos traballos a realizar.

A proba consistirá nunha actuación fixada pola comisión de valoración relacionada coas actividades de conservación do medio ambiente e protección do medio natural, manexo de conservación das ferramentas a empregar no posto de traballo. Esta proba será cualificada con unha **puntuación máxima de 3 puntos**.

OITAVO. Cualificación

8.1.- A cualificación final determinarase pola suma da puntuación obtidas na fase de oposición e na fase de concurso, establecendo deste xeito a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

8.2.- En caso de empate ao final do proceso selectivo, se resolverá a favor do aspirante que teña a maior puntuación no apartado de antigüidade como desempleado, no caso de persistir a favor da persoa que teña a maior puntuación na proba práctica, e de persistir o empate resolverase a favor do aspirante que obtivese a maior puntuación no exercicio teórico.





Concello de Ribeira de Piquín

8.3.- De conformidade co artigo 14.5 da Orde terán preferencia os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.
- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración.
- d) Persoas con discapacidade.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

NOVENO. Relación de aprobados. Presentación de documentos e formalización do contrato.

Unha vez terminada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de edictos do Concello, precisándose que o número de aprobados non poderá pasar o número de prazas vacantes convocadas. Dita relación elevarase ao Presidente da Corporación para que proceda ao nomeamento do candidato proposto e á formalización do correspondente contrato.

Os aspirantes propostos aportarán ante a Administración, dentro do prazo de **un (1) día natural** desde que se publique no taboleiro de edictos do Concello, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior debidamente acreditados, non presentasen a documentación ou da mesma deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Poderase establecer unha quenda de reserva por lista para cubrir prazas temporais se así se determina.

DÉCIMO. Incidencias.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común





Concello de Ribeira de Piquín

das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Xunta de Goberno Local, previo ao Contencioso - Administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no taboleiro de anuncios do concello (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso - Administrativa).

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; e o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e os pactos de aplicación ao persoal funcionario.-

En Ribeira de Piquín, a 19 de abril de 2023.

O Alcalde-Presidente.

Asdo.: Roberto Fernández Rico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE





Concello de Ribeira de Piquín

ANEXO I

CONVOCATORIA E BASES PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS EN COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS. PEÓN ESPECIALISTA FORESTAL (PROGRAMA APROL RURAL).-

MODELO OFICIAL DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN.

1.- DATOS PERSOAIS.

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	
D.N.I.	Data nacemento	Idade	Teléfono
Domicilio	Localidade	Prov.	Código Postal

2.- Documentación que se acompaña coa presente solicitude.

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.
- Copia cotexada do título de galego.
- Declaración xurada (Anexo II).

3.- Relación de documentación acreditativa de méritos aportada.

O abaixo asinante manifesta que reúne todos e cada un dos requisitos e condicións requiridas para participar no proceso de selección de persoal laboral temporal, persoal de brigada medioambiental.

En Ribeira de Piquín, a.....de.....de 2023.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN





Concello de Ribeira de Piquín

ANEXO II

CONVOCATORIA E BASES PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS EN COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS. PEÓN ESPECIALISTA FORESTAL (PROGRAMA APROL RURAL).-

MODELO OFICIAL DE DECLARACIÓN DE CAUSAS DE INCOMPATIBILIDADE.

1.- DATOS PERSOAIS.

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	
D.N.I.	Data nacemento	Idade	Teléfono
Domicilio	Localidade	Prov.	Código Postal

DECLARA BAIXO XURAMENTO:

- Que non se atopa incurso/a en causa de incompatibilidade con arranxo á lexislación vixente, nin se atopa separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se atopa en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares as que desempeñe no caso de persoal laboral no que houber estado separado ou inhabilitado.

En Ribeira de Piquín, a.....de.....de 2023.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN

